

Presidente e membros da Mesa

Sras. Deputadas e Sres. Deputados

Medios de comunicación,

Señoras e Señores,

Un ano máis, como fixen sempre, acudo a esta convocatoria, circunstancia que entendo como unha obriga política, dentro do respecto institucional e a colaboración e cooperación, palabras máxicas na acción pública.

Grazas ao Presidente do Parlamento, e á Mesa desta Comisión, por permitirme facer hoxe esta intervención e non na data inicialmente sinalada pois debo presidir a Asemblea Xeral da European Historic Thermal Towns Association en Vichy do 3 ao 5 de novembro.

Tomo a palabra de novo nesta Cámara de representación política, na que tiven a honra de servir como deputado durante dez anos, nas lexislaturas V, VI e VII da andaina democrática desta nación cultural que é Galicia.

Volvo a esta Comisión terceira, de economía, facenda e orzamentos, á que pertencín e na que participei como parlamentario, neste calendario de comparecencias para a realización de sesións informativas en relación co Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2022.

Comparezo para, segundo a convocatoria, falarlles das “liñas xerais do orzamento da Deputación de Ourense para o exercicio de 2022”. E como adoito a facer, dende Ourense imos máis aló, pois o fag2 falando xa dos orzamentos para 2021 aprobados o pasado 24 de setembro, de novo a primeira administración pública de España, a calquera nivel territorial, en facelo. Volvo a repetir entón as verbas anticipación, previsibilidade e planificación, para o equipo de goberno da Deputación de Ourense que me honro en presidir as liñas mestras da acción e da visión política.

Liñas mestras que provocan, por exemplo, que esta Deputación presentara, antes que ningún outro goberno provincial do Estado –e somos 52- unha Estratexia de Captación de Financiación Europea para a provincia de Ourense no período 2021-2027. Non só para os Next Generation, tamén para o novo marco financeiro plurianual da Unión. Con 18 proxectos tractores pensados para outorgar beneficios directos a tódolos concellos do territorio.

Máis planificación: lembro tamén que cando compareza en 2022 virei cos orzamentos para 2023 aprobados o 30 de setembro.

Seguimos pois cumprindo o único plan de mandato provincial presentado ao electorado galego diante das urnas en maio de 2019, o Plan “Ourense 7273”, que especifica día, hora e mes de posta en marcha de todas e cada unha das medidas que o compoñen. O mesmo que faremos en 2023 con ocasión das eleccións locais a celebrar o día 28 de maio.

O fago nun ano 2021 que segue a ser difícil, lembrando a todas as vítimas desta pandemia, confiando unha pronta recuperación a quen está a sufrir o coronavirus e unha mensaxe de ánimo para as súas familias. O meu desexo de boa saúde para todos.

E permítanme un recordo para Ramón de la Fuente Galván, exalcalde de Xinzo de Limia, falecido onte. Descanse en Paz.

Tamén toda a solidariedade para os sectores económicos e traballadores que seguen padecendo os efectos máis duros desta pandemia, con mención especial para a hostalería e aqueloutros para que sigan o camiño da recuperación económica e a pervivencia dos seus proxectos.

Os orzamentos da Deputación de Ourense para o ano 2022 son os máis altos da súa Historia con 85.700.000 euros, medrando un 7 % con respecto ao exercicio de 2021 ao incorporar 6 millóns de euros máis. Seguen a ser os orzamentos da cooperación cos concellos e coa veciñanza da provincia, facendo especial fincapé nos aspectos medioambientais, sociais e culturais.

Unha Deputación que ten capacidade de seu para respostar con carácter inmediato ante calquera continxencia ou situación extraordinaria. Como fixemos e facemos neste 2021 como consecuencia da pandemia. Sempre da man da sociedade e das entidades máis representativas.

A proposta económica para 2022, xa aprobada, recolle no estado de gastos 33`6 millóns de euros en persoal (39`21 %); 20`8 millóns para gastos correntes en bens e servizos (24`29 %); case 300.000 euros en gastos financeiros (0`35%); 13`5 millóns en transferencias correntes (15`79 %); un fondo de continxencia de 300.000 euros (0`35%); 10`6 millóns de euros en investimentos reais (12`40 %); 5`5 millóns de euros para transferencias de capital (6`43%); e algo máis de 700.000 euros (0`82%) e outros 300.000 euros (0`35%) en pasivos e activos financeiros, respectivamente.

En liñas xerais, o orzamento destina 34'9 millóns de euros para obras e servizos; 9'86 millóns para cooperación cos concellos; 6'75 millóns para o capítulo social; 4'93 millóns para cultura; 1'5 millóns para educación; 2'66 millóns para deportes e 1'55 millóns para administración electrónica.

O INORDE disporá o próximo ano de máis de 1'9 millóns de euros, cunha suba do 6'3 % respecto ao ano anterior.

Os orzamentos da Deputación de Ourense para 2022 contemplan, entre outras, as seguintes liñas de traballo é áreas estratéxicas:

1-Plan de fomento do emprego dotado con 1.830.000 euros

2-Apostamos polas axudas á natalidade -300.000 euros- e polas axudas a concellos para actuacións relacionadas coa mocidade por 549.000 euros.



3-Plan para gastos correntes para aqueles concellos que acrediten insuficiencia financeira e orzamentaria, dentro do Plan de cooperación para obras e servizos.

4-Programa de acción social en cooperación cos concellos por importe de 1.200.000 euros.

5- Subvención nominativa á UNED por 430.995´48 euros e á Universidade de Vigo por 220.000 euros.

6- Financiamos os G.E.S na parte que deberían aportar os concellos cun total de 990.666´66 euros

7-Dótase ao Consorcio Provincial de Incendios con 1.419.750 euros.

8- Liña de subvencións de deportes -350.000 euros- e o Plan Tarazona de actividades culturais e recreativas - 150.000 euros-. Mantense o programa SKIOU de 71.000 euros.

9- As reparacións e mantemento das vías provinciais 1.300.000 euros.

10- Os concellos da provincia reciben 4.593.562 euros en forma de transferencia de capital para os seus investimentos.

11- Orzaméntanse 302.323'59 euros para paliar catástrofes.

12- O plan provincial de cooperación ás obras e servizos, os xa aprobadas as súas bases no pleno do 29 de outubro de empregabilidade, desbroces en vías provinciais e municipais e o BenOurense de servizos sociais municipais. Xa plenamente vixentes e operativos o 2 de xaneiro de 2022 (porque o día 1 é festivo).

13- O Plan “Ourense, a provincia termal”

Un ano 2022 onde seguiremos vendo as vantaxes de operar unha vez acadada hai tempo a “débeda cero” da institución.

Os orzamentos dunha Deputación, dun goberno, que actúa con visión integral de provincia. Que eríxese como a mellor aliada dos concellos e pilar básico para o funcionamento e xestión de entidades económicas, culturais e sociais da provincia de Ourense.

Uns orzamentos que fan posible a materialización de proxectos estratéxicos. Como a apertura, en semanas, do Centro Galego de Innovación na FP “Eduardo Barreiros”, unha aposta da Deputación de Ourense en colaboración coa Xunta de Galicia.

Orzamentos que serven tamén para continuar dando pasos firmes o futuro Parque Acuático de Monterrei, tamén froito da cooperación da Deputación e a Xunta de Galicia.

Ou, por exemplo, para acoller competicións internacionais de alto nivel no Parque náutico de Galicia en Castrelo de Miño como a “Coupe de la Jeunesse” en 2022.

Pero podemos falar tamén de orzamentos básicos para que a Estación de montaña de Galicia, Manzaneda, sexa un referente dentro do ecosistema de turismo deportivo que puxemos en marcha hai anos dende o INORDE, o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico, organismo autónomo da Deputación de Ourense.

Ou falar da nosa aposta por incrementar o peso da Deputación no Parque Tecnolóxico de Galicia, a Tecnópole, o polo máis importante de I+D+i do noroeste peninsular, pegado ao Parque Empresarial de San Cibrao das Viñas, a zona empresarial máis ampla de toda Galicia, e co que tamén temos unha alianza permanente non só a nivel de infraestruturas senón tamén de proxectos coa Asociación de Empresarios.

Un ano 2022 para seguir indo da man da recuperación económica cos principais actores que dinamizan o territorio, sexa a Confederación Empresarial de Ourense, sexa o Círculo de Empresarios de Galicia ou, falando de internacionalización, a Asociación de Empresarios de Portugal coa que tamén temos asinado un protocolo de colaboración.

Falando de Portugal, promovendo dende a Deputación a creación da “Casa da Lusofonía” dentro da Rede de Casas adscritas ao Ministerio de Asuntos Exteriores, propoñendo Ourense para acollela súa sede, tal e como a práctica unanimidade dos grupos parlamentarios nas Cortes Xerais do Estado están avalando.

Orzamentos para un ano 2022 onde seguiremos liderando en transparencia a tódolos gobernos provinciais de España, marcador obxectivo de tódolos indicadores establecidos.

Un ano 2022 onde comezará a implantación do Plan “Destino Turístico Intelixente”, pioneiro e vangardista que fará que consolidemos os mellores números da historia no turismo, que foron os de 2019 e, por exemplo, os do mellor agosto da Historia –este de 2021- advertindo os datos de non só maior número de visitantes senón tamén incremento das pernoctacións por visitante.

Un ano 2022 onde esta Deputación seguirá tendo voz e voto nos foros nacionais e internacionais a nivel de gobernos provinciais, falando de territorio, de servizos e de futuro. Consolidando a nosa presenza no Eixo Atlántico , que empezou neste 2021 coa Presidencia do Foro de Termalismo.

Sen dúbida o goberno provincial de España con maior e mellor presenza: A Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provinciais (sólo dous gobernos provinciais de 25 membros); A Fundación Democracia e Goberno Local conformada por 27 gobernos provinciais –estamos no comité de dirección composta por 8 gobernos-; A Vicepresidencia da Federación Nacional de Asociacións e Municipios con Embalses e Centrais Hidroeléctricas.

Presidindo Partenalia –a Asociación Europea de Gobernos Provinciais-; Presidindo a EHTTA -51 sitios termais de 18 nacións- ou Vicepresidindo a CEPLI – conformada por 1167 provincias europeas-, por certo o único membro-representante do Estado español.

Traballo en rede que aporta razóns para o seu exercicio..falei do Plan de Destino Turístico Intelixente, pero podería falar tamén do Proxecto Raia Termal, do Proxecto EmprendOU ou dos Plans de sostibilidade turística da Ribeira Sacra e o de Ourense Termal (recentemente aprobado con 3 millóns de orzamento) e a cooperación entre os distintos niveis de administracións territoriais, coas institucións comunitarias participando activamente. Feitos que puiden poñer de manifesto durante a Semana Europea das Cidades e das Rexións en diferentes actos e seminarios organizados co aval da Comisión Europea.

Os orzamentos de 2022 serán tamén acaídos para poñer en marcha os acordos e actuacións que resulten do Debate sobre o estado da provincia que celebraremos o vindeiro 16 de novembro, formato pioneiro e único en Galicia, que serve para exemplificar o noso compromiso coa innovación con novos instrumentos de debate político na esfera pública.



Debate do estado da provincia de Ourense con resultados prácticos, debate eficiente. Como pon de manifesto, entreoutros, a tramitación actual, xa avalada polo Goberno autonómico, dun dos anuncios que fixen público no debate de 2020: un PROXECTO DE XESTIÓN AMBIENTAL INTEGRAL. Un proxecto de economía circular que, ademais da innovación, o crecemento económico e a mellora do impacto ambiental no noso territorio, ofrece unha solución para a xestión de residuos en liña. Un proxecto localizado na comarca da Limia e que incluía tres liñas de actuación:

Planta de biometanización:

Planta solar fotovoltaica:

Planta de obtención de hidróxeno verde:

Dicía eu que a Unión Europea con esta tecnoloxía tiña instaladas algo máis de 700 instalacións de produción de biometano. En España só tiñamos 5, ningunha delas en Galicia. Os datos económicos e socioeconómicos do proxecto son os seguintes financiados desde o sector privado: 21 millóns de euros, 20 empregos directos e 100 empregos indirectos.

Señorías, os orzamentos para 2022 da Deputación de Ourense seguirán a apostar pola CULTURA con maiúsculas e pola nosa IDENTIDADE. Dende Ourense seguiremos a organizar o Festival de Cine de Galicia na súa 27 edición-derivada da nosa aposta pola produción audiovisual no territorio-, tamén o Marco das Industrias Culturais e Creativas do Estado, a Ourense ICC Week...e a Ourense Mobile Week en 2022 e 2023...quedan convidados á Ourense Mobile Week 2021 que celebraremos dende o día 19 ao 23 de novembro próximos. Outra alianza máis da Deputación de Ourense, neste caso coa Barcelona Mobile World Capital, para vencilar a innovación tecnolóxica e a vangarda internacional cun territorio histórico clave na Gallaecia sueva.

Señorías, quero aproveitar esta ocasión para facer algunha reivindicación en sede parlamentaria, das que agardo fagan o rol de transmisores, pois son propostas que derivan dunha organización pública que en 2022 celebrará o seu bicentenario e que ten clarividencia e rigor suficiente para facer públicos plantexamentos como os que seguen, e que continuarei reivindicando nos próximos anos:

- A xa reiterada da participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma, en coherencia cos textos constitucional e estatutario.

- A reivindicación do equilibrio territorial dispoñendo que se contemple a provincia de Ourense como futura ubicación dos proxectos tractores da economía galega que concurran aos fondos New Generation.

E entendo que tamén é esta comisión un foro axeitado para trasladar algunha cuestión importante dende o punto de vista do mundo local a nivel estatal:

Dende que a pandemia chegou o goberno central non enviou un solo euro ás entidades locais.

Os grupos parlamentarios que sosteñen ao goberno central tampouco fixeron súas as emendas aos orzamentos do Estado que a FEMP fixo chegar. Un desprezo como nunca houbo na Historia do municipalismo.

Señorías: falei de IDENTIDADE.

E de Nación Cultural.

E falo dese Mapa socio-lingüístico que imos facer nun dos nosos concellos para testar a saúde da nosa lingua propia.

E falo dese Manifesto a prol da nosa lingua que asinamos o pasado 30 de outubro na casa do concello no Irixo –celebrando os 101 anos da aparición do primeiro número da Revista “Nós”- coincidindo co percorrido que fixemos os membros do goberno provincial do primeiro treito do “Camiño de Nós” (o que promoveron en 1926 os principais integrantes desa senlleira Xeración).

Permítanme que remate esta intervención como remata ese Manifesto. Dí así:

“Rematamos facendo nosas as palabras de Eduardo Blanco Amor no número 145 de Nós, homenaxe da Real Academia Galega, no cincuentenario da Revista, en outubro de 1970, presidida daquela polo ourensán Sebastián Martínez-Risco:

O meu pobo, Ourense, por causas que, en troques de podérense explicar coas razóns acostumadas, somellan andaren boligando polos indescifrábeles manexos do sino, asumíu a misión de responder a cada un dos rexurdimentos galegos dun xeito propio (nin millor nin peor, diferente, digamos que máis creativo) ao común doutros grupos submisos, enchoupados nos dogmas do seu tempo. O ourensanismo é unha sorte de deslocalización, refinamento e trascendencia do pulo galeguizante...Pódese falar dunha sorte de .”filtro” ourensán que sempre se traduce en compromiso, que condiciona e que decanta...que enche as eivas, que complementa con fina ironía crítica, que vai por diante...”

Dixen.

Graciñas.

Quedo á espera das súas aportacións. Boa tarde de novo.